



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Número 412  
22 de novembro de 2022

Fascículo 2



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.1. Normas aprobadas

##### 1.1.1. Leis

■ Lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro [160449](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.1. Normas aprobadas

##### 1.1.1.1. Leis

### **Lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro**

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 22 de novembro de 2022, aprobou, por 53 votos a favor e 17 abstencións, a Lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

### **Lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, estableceu no seu artigo 11.dous que as retribucións do persoal ao servizo do sector público autonómico definido no artigo 11.un non poderían experimentar un incremento nas retribucións superior ao 2 por cento con respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2021.

A situación económica xerada pola invasión de Ucraína por parte de Rusia e pola crise enerxética derivada motivou un aumento do custo da vida polo impacto da inflación, sendo necesario paliar os seus efectos no poder adquisitivo das empregadas e dos empregados do sector público neste mesmo exercicio orzamentario.

Neste escenario, a Administración xeral do Estado aprobou unha suba adicional do 1,5 por cento das retribucións do persoal ao servizo do sector público para compensar os efectos da inflación. Así, para o ano 2022 o Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do «Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)», así como as medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca, no seu artigo 23 aprobou, con efectos do 1 de xaneiro do 2022, un incremento adicional do 1,5 por cento respecto ás retribucións vixentes en 31 de decembro de 2021.



A citada normativa ten carácter básico, de xeito que o incremento salarial das empregadas e dos empregados do sector público autonómico será dun máximo do 3,5 por cento con carácter consolidable, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022, aboándose como atrasos o incremento correspondente aos meses xa transcorridos deste ano.

#### Artigo único. *Retribución de carácter extraordinario para o persoal do sector público autonómico*

##### Un. Retribución de carácter extraordinario para o persoal do sector público autonómico

1. Adicionalmente ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, as retribucións do persoal do sector público autonómico definido no artigo 11.un da citada lei experimentarán un incremento adicional do 1,5 por cento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2021.

2. Este incremento adicional aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e calcularase sobre as retribucións vixentes en 31 de decembro de 2021, de xeito que a suma deste incremento adicional do 1,5 por cento e do xa previsto no artigo 11.dous da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, consolidará, en todo caso, un incremento retributivo global máximo para o exercicio 2022 do 3,5 por cento.

Dous. Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades instrumentais

1. Para os efectos do previsto no punto un, para o cálculo das cantidades que se aboarán como atrasos a partir do 1 de xaneiro utilizaranse as regras de cómputo aplicables a cada tipo de persoal de acordo co seu réxime xurídico.

2. O cálculo do importe que se percibirá efectuarase na parte proporcional que resulte en función do tempo de servizos efectivamente realizados no citado período.

##### Tres. Persoal ao servizo dos órganos estatutarios de Galicia

Os órganos estatutarios realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal a medida recollida no punto un anterior, co seu mesmo contido e alcance.

##### Catro. Persoal do Sistema Universitario de Galicia

1. As universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes realizarán as operacións precisas para aplicar ao seu persoal a medida recollida no punto un anterior, co seu mesmo contido e alcance.

2. Para os mencionados efectos, e segundo o disposto no Plan de financiamento das universidades do Sistema Universitario de Galicia, actualizaranse nas cantidades necesarias os importes das partidas do fondo de financiamento non condicionado do citado plan que evolucionan en función da masa salarial.



3. Así mesmo, os custos de persoal máximos das universidades de Galicia establecidos no artigo 34 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, incrementaranse nun 1,5 por cento respecto aos vixentes en 31 de decembro de 2021.

#### Cinco. Persoal do ensino concertado en réxime de pagamento delegado

1. Conforme o establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, os compoñentes dos módulos económicos para o sostemento dos centros concertados previstos no anexo IV da citada lei correspondentes a «Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais», «Gastos variables» e «Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais», así como persoal complementario, experimentarán un incremento adicional do 1,5 por cento respecto aos importes previstos nos módulos vixentes en 31 de decembro de 2021.

2. O devandito incremento aplicarase con efectos do 1 de xaneiro do 2022.

#### Seis. Crédito extraordinario

1. Para atender as obrigas de pagamento derivadas desta lei, concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 23 «Gastos de diversas consellarías», servizo 02 «Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos», programa 621B «Imprevistos e funcións non clasificadas», capítulo I «Gastos de persoal», artigo 18 «Fondo retributivo», concepto 180 «Fondo retributivo», por importe de 78.368.716 euros.

2. Con cargo ao crédito extraordinario xerado no punto anterior, realizaranse as correspondentes transferencias de crédito para, de ser o caso, dotar nas seccións do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma os créditos precisos para proceder ao aboamento da retribución de carácter extraordinario recollida nos números anteriores.

#### Sete. Financiamento do crédito extraordinario

1. O crédito extraordinario que se concede nesta lei financiarase con cargo aos maiores recursos que se vaian obter superando os importes dos orzamentos iniciais do ano 2022 e aos remanentes de crédito non empregados ao peche do exercicio.

2. Excepcionalmente, caso de ser necesario, poderase recorrer ao mecanismo disposto no artigo 23.3 do Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación*

Autorízase a consellaría competente en materia de facenda para que efectúe as transferencias de crédito oportunas nas partidas orzamentarias en que se incrementa o gasto correspondente derivado da aplicación desta disposición, así como para ditar as instrucións necesarias para a súa efectividade.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Ley por la que se aprueba una retribución de carácter extraordinario para los empleados del sector público autonómico de Galicia, en aplicación de lo previsto en el Real decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La Ley 17/2021, de 27 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2022, estableció en su artículo 11.dos que las retribuciones del personal al servicio del sector público autonómico definido en el artículo 11.uno no podrían experimentar un incremento en las retribuciones superior al 2 por ciento con respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2021.

La situación económica generada por la invasión de Ucrania por parte de Rusia y por la crisis energética derivada, motivó un aumento del coste de la vida por el impacto de la inflación, siendo necesario paliar sus efectos en el poder adquisitivo de las empleadas y de los empleados del sector público en este mismo ejercicio presupuestario.

En este escenario, la Administración general del Estado aprobó una subida adicional del 1,5 por ciento de las retribuciones del personal al servicio del sector público para compensar los efectos de la inflación. Así, para el año 2022 el Real decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución a la reducción del consumo de gas natural en aplicación del «Plan + seguridad para tu energía (+SE)», así como las medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias eventuales afectadas por la sequía, en su artículo 23 aprobó, con efectos del 1 de enero de 2022, un incremento adicional del 1,5 por ciento respecto a las retribuciones vigentes a 31 de diciembre de 2021.

La citada normativa tiene carácter básico, de modo que el incremento salarial de las empleadas y de los empleados del sector público autonómico será de un máximo del 3,5 por ciento con carácter consolidable, con efectos desde el 1 de enero de 2022, abonándose como atrasos el incremento correspondiente a los meses ya transcurridos de este año.

**Artículo único. *Retribución de carácter extraordinario para el personal del sector público autonómico***

Uno. Retribución de carácter extraordinario para el personal del sector público autonómico

1. Adicionalmente a lo dispuesto en los capítulos I y II del título II de la Ley 17/2021, de 27 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2022, las



retribuciones del personal del sector público autonómico definido en el artículo 11.uno de la citada ley experimentarán un incremento adicional del 1,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2021.

2. Este incremento adicional se aplicará con efectos del 1 de enero de 2022 y se calculará sobre las retribuciones vigentes a 31 de diciembre de 2021, de modo que la suma de este incremento adicional del 1,5 por ciento y del ya previsto en el artículo 11.dos de la Ley 17/2021, de 27 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2022, consolidará, en todo caso, un incremento retributivo global máximo para el ejercicio 2022 del 3,5 por ciento.

Dos. Personal al servicio de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia y de sus entidades instrumentales

1. A los efectos de lo previsto en el punto uno, para el cálculo de las cantidades que se abonarán como atrasos a partir del 1 de enero se utilizarán las reglas de cómputo aplicables a cada tipo de personal de acuerdo con su régimen jurídico.

2. El cálculo del importe que se percibirá se efectuará en la parte proporcional que resulte en función del tiempo de servicios efectivamente realizados en el citado período.

Tres. Personal al servicio de los órganos estatutarios de Galicia

Los órganos estatutarios realizarán las operaciones precisas para aplicar a su personal la medida recogida en el punto uno anterior, con su mismo contenido y alcance.

Cuatro. Personal del Sistema Universitario de Galicia

1. Las universidades integrantes del Sistema Universitario de Galicia y sus entidades instrumentales dependientes realizarán las operaciones precisas para aplicar a su personal la medida recogida en el punto uno anterior, con su mismo contenido y alcance.

2. A los mencionados efectos, y según lo dispuesto en el Plan de financiación de las universidades del Sistema Universitario de Galicia, se actualizarán en las cantidades necesarias los importes de las partidas del fondo de financiación no condicionada del citado plan que evolucionan en función de la masa salarial.

3. Asimismo, los costes de personal máximos de las universidades de Galicia establecidos en el artículo 34 de la Ley 17/2021, de 27 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2022, se incrementarán en un 1,5 por ciento respecto a los vigentes a 31 de diciembre de 2021.

Cinco. Personal de la enseñanza concertada en régimen de pago delegado

1. Conforme a lo establecido en la disposición adicional duodécima de la Ley 17/2021, de 27 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2022, los



componentes de los módulos económicos para el sostenimiento de los centros concertados previstos en el anexo IV de la citada ley correspondientes a «Salarios de personal docente, incluidas cargas sociales», «Gastos variables» y «Complemento retributivo Comunidad Autónoma, incluidas cargas sociales», así como personal complementario, experimentarán un incremento adicional del 1,5 por ciento respecto a los importes previstos en los módulos vigentes a 31 de diciembre de 2021.

2. Dicho incremento se aplicará con efectos del 1 de enero del 2022.

#### Seis. Crédito extraordinario

1. Para atender las obligaciones de pago derivadas de esta ley, se concede un crédito extraordinario en el presupuesto de la sección 23 «Gastos de diversas consejerías», servicio 02 «Dirección General de Planificación y Presupuestos», programa 621B «Imprevistos y funciones no clasificadas», capítulo I «Gastos de personal», artículo 18 «Fondo retributivo», concepto 180 «Fondo retributivo», por importe de 78.368.716 euros.

2. Con cargo al crédito extraordinario generado en el punto anterior, se realizarán las correspondientes transferencias de crédito para, en su caso, dotar en las secciones del presupuesto de gastos de la Comunidad Autónoma los créditos precisos para proceder al abono de la retribución de carácter extraordinario recogida en los números anteriores.

#### Siete. Financiación del crédito extraordinario

1. El crédito extraordinario que se concede en esta ley se financiará con cargo a los mayores recursos que se vayan a obtener superando los importes de los presupuestos iniciales del año 2022 y a los remanentes de crédito no empleados al cierre del ejercicio.

2. Excepcionalmente, en caso de ser necesario, se podrá recurrir al mecanismo dispuesto en el artículo 23.3 del Real decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre.

#### Disposición final primera. *Habilitación*

Se autoriza a la consejería competente en materia de hacienda para que efectúe las transferencias de crédito oportunas en las partidas presupuestarias en que se incrementa el gasto correspondiente derivado de la aplicación de esta disposición, así como para dictar las instrucciones necesarias para su efectividad.

#### Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

Esta ley entrará en vigor el mismo día de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de noviembre de 2022  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente





# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25  
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

